


MÓNICA ALONSO  
FRANCISCO AMAT  
BOENTE  
QUIQUE BORDELL  
ALEJANDRO CARRO  
SANTIAGO CATALÁN  
ESPIRAL  
GARCÍA-GESTO  
ROBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ  
GUERREIRO  
HONORIO  
SARA LAMAS  
LOMARTI  
MACÍA  
LUIS MOSCARDÓ  
SENÉN OLANO  
J. OTERO-YGLESIAS  
ELENA PENDÁS  
JUAN MIGUEL PRADA  
XERMÁN REFOJO  
Mª JOSÉ SANTISO  
ISABEL SOMOZA  
BERNARDO TEJEDA  
VÁZQUEZ CEREIJÓ  
VIEIRO  
IGNACIO LÓPEZ

# INCISIONES



## PROXECTO INCISIONS

A Área de Cultura da Deputación de Lugo, con motivo do 75 Aniversario do Museo Provincial, programou un amplio abano de actividades que incluíu numerosas mostras e exposicións periódicas de artistas galegos e internacionais.

Ademais, o Museo Provincial encargoulle ao artista Ignacio López o comisariado do proxecto **Incisións** que consistiu na elaboración dunhas carpetas de gravados executados por artistas plásticos e gravadores lúxenses.

Con este proxecto que implicou a colaboración de 26 artistas, á parte de crear un imperecedoiro obxecto artístico conmemorativo da efeméride do Museo, quíxose tamén poñer ao dispor do público un testemuño histórico-cultural de actualidade e de incalculable valor e riqueza, que agora toma corpo e se fai visible na exposición **Incisións** que presenta os 26 gravados, realizados con distintas técnicas, e as correspondentes pranchas.

## OBXECTIVO DE INCISIONS

O obxectivo do proxecto **Incisións** é a busca da interrelación artista-museo-espíctador, de xeito que, a través do traballo artístico, o artista propón e proxecta mediante a súa obra a propia expresividade persoal. Establécese despois unha relación cun espazo, neste caso o museo, un contedor de "obxectos artísticos" case sagrados, un espazo para a reflexión e o pensamento pero, ao mesmo tempo, tamén un espazo lúdico, de xogo, de lecer e de encontro; un espazo onde o espectador poida sentir que algo do que percibe é seu.

Nesa relación configúrase ese binomio artista-museo. O museo coma un espazo vivo, interactivo, de comunicación e ¿por que non?, tamén de confrontación e debate, porque a arte deixará de ser arte e de ter sentido se non provoca debate.

Propoñer un proxecto de obra gráfica tamén ten unha lectura sociocultural: a obra de arte baixa do seu pedestal de obxecto exclusivo, ao que só tiña acceso a burguesía, e convértese nun obxecto que ten que ver coa producción en serie, coa fábrica, o taller, a cidade, o urbano, o efémero, todo aquilo que xa non é exclusivo de ningún. O obxecto artístico perde parte do seu papel, democratízase, deste xeito calquera pode acceder á obra de arte, porque a arte non debe clasificar, senón desclasificar, proponer.


**Ignacio López**



DEPUTACIÓN DE LUGO  
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura



MUSEO